

PREMIO XOÁN MANUEL PINTOS AO COMPROMISO COA LINGUA

Pintos

2018



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



Xoán Manuel Pintos

Xoán Manuel Pintos. Precursor do Rexurdimento

Xoán Manuel Pintos Villar é a figura máis importante da xeración dos Precusores, que anticiparon o Rexurdimento protagonizado por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Naceu en Pontevedra o 16 de decembro de 1811, fillo de Basilio Pintos García e Ramona Villar Rodríguez, tamén pontevedreses. Moi novo trasladouse á Coruña para estudar Humanidades; despois, a Compostela para cursar Dereito, entre 1829 e 1835. Xa licenciado, foi profesor durante un ano en Institucións Canónicas. Entre 1837 e 1840 exerceu de avogado na Coruña. Desde 1840 ata 1862 estivo case sen interrupción en Pontevedra. En 1840, logo do pronunciamento progresista, foi nomeado xuíz de primeira instancia en Cambados. En 1841 casou con Serafina Amado Boullosa (irmá do escritor Xosé Benito Amado); tiveron catorce fillos. En 1844 o goberno conservador cesouno como xuíz. Entre 1844 e 1862 exerceu de avogado e fiscal en Pontevedra, foi decano do colexio profesional e impartiu clases no ensino público e privado. Neste tempo viviu nunha casa da Santiña, no barrio do Burgo; este lugar aparecerá en *A gaita gallega*. Desde 1862 foi rexistrador da Propiedade en Vigo.

É autor dun único libro en galego, castelán e latín considerado como o primeiro da literatura galega contemporánea: *A gaita gallega tocada pol-o Gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega e aínda máis*, publicado en Pontevedra en 1853. A obra busca achegar o noso idioma ao lector, á vez que enxalza o país. Inclúe o *Breve diccionario gallego escrito por el tamborilero, para*

facilitar la inteligencia de A gaita gallega tocada por el Gaitero, que quería servir de axuda para a súa comprensión.

Pintos deixou tamén un amplo conxunto de poemas, como as tres églogas e *Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea* (1858). Destaca na época pola súa faceta de gramático, compilador de léxico galego e latinista. Colaborou cos xornais pontevedreses *El País* e *La Perseverancia*; entre as súas numerosas achegas á prensa destaca "Rechamo", onde fai unha chamada aos autores galegos para utilizaren a nosa lingua. No momento da súa morte, en 1876, estaba a confeccionar outro diccionario, para o que tiña anotados cerca de catorce mil vocábulos.

No ano 2003 o Concello de Pontevedra conmemorou o 150 aniversario da publicación de *A gaita gallega* coa edición dunha publicación divulgativa e a colocación dunha placa na rúa de Isabel II, no lugar onde estivo a imprenta de José Vilas na que se editou o libro. No 2011, co gallo do 200 aniversario do nacemento de Pintos, o Concello celebrou o Ano Pintos e desenvolveu actividades vinculadas á recuperación e posta en valor da obra e do traballo deste pontevedrés que incidiu de maneira especial no proceso de normalización do uso da lingua galega.

Co Premio Xoán Manuel Pintos, o Concello de Pontevedra quere contribuír á divulgación da súa obra e ao recoñecemento do seu compromiso a prol da recuperación da lingua e da cultura galega.

O Concello de Pontevedra convoca o premio
Xoán Manuel Pintos, que se rexerá polas seguintes

Bases

● Obxectivos

Recoñecer a aquelas persoas, empresas, asociacións ou entidades que, coa súa actuación, axudan a impulsar a presenza da lingua galega na sociedade pontevedresa en particular e mais na galega en xeral.

Manter viva a memoria do xurista e escritor Xoán Manuel Pintos, figura central do Rexurdimento.

● Destinatarios

Poderase outorgar este premio a calquera persoa, empresa, asociación ou entidade radicada en Galiza, entendendo como tales aquelas que teñan a súa sede social ou residencia no territorio da Comunidade Autónoma e aquelas que teñan unha especial incidencia ou desenvolvan a súa actividade no concello de Pontevedra.

● Xurado

As propostas para os premios dos apartados a* e b* e a escolla das tres propostas gañadoras serán tarefas dun xurado formado por:

O/A concelleiro/a de Normalización Lingüística, que será o/a presidente/a.

Un/unha representante técnico do Concello de Pontevedra.

Un/unha representante da Administración autonómica.

Dúas persoas en representación do movemento asociativo pontevedrés.

Un/unha representante dos ENDL dos centros de ensino do concello de Pontevedra.

Un/unha representante dos medios de comunicación, nomeado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Dúas persoas de recoñecido prestixio no seu traballo a prol da lingua galega. Neste grupo incluíranse, preferentemente, as persoas ou entidades premiadas en anteriores edicións, ou aquelas en quen deleguen.

Cada membro do xurado terá dereito a presentar unha candidatura para cada unha das modalidades a* e b* do premio.

As candidaturas deberán ser avaliadas polo xurado tendo sempre en conta o obxectivo do premio.

● Prazos

O xurado terá a primeira xuntanza de constitución na primeira metade do mes de febreiro. No prazo de quince días celebrarase unha segunda xuntanza, na que se procederá á votación das propostas.



Premios

Establécense tres galardóns:

a* Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que destacase pola súa traxectoria na promoción e normalización da lingua galega, ou pola promoción de actividades que impliquen o espallamento da lingua galega **durante os últimos dous anos**.

b* Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que, dun xeito **continuado ao longo da súa traxectoria profesional e/ou vital**, destacase na promoción e normalización da lingua galega ou que promovese actividades que impliquen o espallamento da lingua galega.

c* Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que destacase na promoción e normalización da lingua galega ou que promovese actividades que impliquen o espallamento da lingua galega. O xurado escollerá este premio entre as **propostas presentadas por persoas físicas, xurídicas, agrupacións ou entidades**, no enderezo web pontevedra.gal/premio-Pintos18 ata o 14 de febreiro.

O Premio Xoán Manuel Pintos non ten dotación económica. Os galardoados recibirán un pergameo acreditativo e poderán reflectir na súa actividade normal a posesión desta distinción.

● Aspectos que se valorarán

Para a concesión dos premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Tarefa continua desenvolva en favor da normalización lingüística do galego.
- Actuacións concretas en favor da normalización dos usos sociais da lingua galega.
- Uso habitual e normal do galego nas súas actividades e nos seus servizos.
- Campañas de información e/ou publicitarias en galego.
- Contribución á galeguización de sectores de especial relevancia económica, social e cultural.

Ademais dos devanditos, o xurado poderá valorar outros méritos das persoas ou entidades que se proponían.

● Sistema de votación

Os premios serán outorgados por votación do xurado. Será necesaria a maioría cualificada de dous terzos na primeira volta de votacións. De non alcanzarse acordo, procederase a unha segunda votación na que será necesaria a maioría simple.

● Entrega de premios

A entrega dos premios realizarase o día 15 de marzo, nun acto público.

● Interpretación

O xurado queda facultado para interpretar as presentes bases.